



Resolución pola que se ditan instrucións sobre a xornada semanal do persoal docente no curso académico 2026/2027

A CIG-Ensino recibiu ao longo desta semana **centos de achegas do profesorado** sobre a proposta de Resolución relativa á xornada semanal docente para o curso 2026/2027. Estas achegas chegan nun contexto no que tanto a Administración como outras organizacións sindicais veñen presentando o contido deste documento como se xa estivese pechado, tanto nos centros como ante os equipos directivos como nos medios de comunicación.

Para a CIG-Ensino, unha verdadeira negociación non pode consistir en acudir a unha mesa sectorial cun documento previamente pactado e pechado á marxe do persoal docente e da organización sindical maioritaria. **Unha negociación real debería comezar hoxe**, ben sobre este documento, ben sobre unha nova proposta, incorporando cando menos unha parte substancial das melloras solicitadas polo profesorado.

Malia a estratexia da Consellaría de deixar fóra a CIG-Ensino das negociacións previas, o profesorado segue a confiar en nós como organización de referencia, como representación sindical e como interlocución necesaria para defender as súas condicións laborais e froito dela son as propostas que a continuación se presentan.

Cómpre tamén sinalar que, se realmente se leva todo o curso negociando esta cuestión, como se vén repetindo publicamente, resulta

incomprensíbel que non se presente xa unha norma con vocación de estabilidade para os vindeiros cursos. En lugar diso, tráese unha resolución limitada a un único curso académico, sen garantías de continuidade e sen abordar de maneira estrutural os problemas de fondo da xornada docente.

Xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria

Apartado Primeiro

O abandono do persoal de primaria e infantil é manifesto. Non só se aplicou a redución a 23 horas sen vir acompañada dunha dotación suficiente de profesorado, co que iso implicou, senón que agora **péchase a posibilidade de recuperar as 21 horas lectivas que tiñan antes dos recortes**, así como de **ter reducións das horas lectivas para as coordinacións e titorías ou incluír a formación do profesorado dentro das horas de permanencia no centro.**

- Reclamamos os 21 períodos lectivos en infantil, primaria e educación especial.
- Pedimos, que ao igual que no resto de corpos, non se indiquen horas e si períodos.
- Reclamamos reducións horarias tamén para as coordinacións nos centros de infantil e primaria e nos centros de educación especial, así como para as titorías.

- Pedimos que tamén se actualicen as horas de dedicación dos equipos directivos dos centros de infantil e primaria e dos CEE e se establezan para os responsables de centro.
- Reclamamos que haxa unha hora dentro do período lectivo para a coordinación entre o persoal titor e orientación. De non ser así estaríamos ante unha dobre penalización, por unha banda para as persoas titoras que desenvolven unha función fundamental e cada vez máis complexa, e pola outra para as persoas orientadoras que acabarían acumulando máis reunións fóra das 23.
- Defendemos que a formación do profesorado ten que ir dentro do horario lectivo, e menos entendemos que no caso do corpo de mestras non estea nas horas de permanencia no centro.
- Solicitamos eliminar a indicación de que o equipo directivo poderá asignar ao profesorado outras funcións na hora de titoría de atención a nais e pais e alumnado no caso de non existir citas previamente concertadas para a atención a familias. O profesorado ten traballo que facer, non soamente atender familias e alumnado, senón tamén elaborar informes, coordinar información solicitada por outras titoras ou titores, preparar documentación, responder consultas ou facer seguimento de situacións concretas do alumnado. Reducilo só á reunión presencial ou formal non responde á realidade do traballo docente.
- Solicitamos que a realización de gardas da mesma tipoloxía compute como unha sesión sempre que a súa suma non sexa de máis de 50 minutos, e debe estar indicada a duración das gardas de transporte.
- A reunión de departamento debe constar no horario semanal lectivo como así acontecía antes dos recortes.
- Eliminar do punto 7 o apartado de titorías de nais pais e alumnado.
- Defendemos que a formación do profesorado ten que ir dentro do horario lectivo e que non se faga distinción entre as actividades que organiza a Consellaría e as das entidades homologadas por ela.

Xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas

Apartado segundo

- Solicitamos que se elimine todo contido do punto 3. Non debe admitirse ningunha excepcionalidade para sobrepasar as 18 sesións lectivas.
- No caso dos centros de ensinanzas de réxime especial, ou nos CIFP, onde as sesións son de 60 minutos, deben reducirse as sesións lectivas e complementarias fixas. Nos CIFP hai que ter en conta que os módulos profesionais teñen un número de horas semanais menor que nos IES, o que leva a que o profesorado non só teña tres horas máis de clase á semana, senón que teña que impartir máis módulos que nun IES.
- No caso de impartir afíns deben reducirse as sesións lectivas a menos de 18 e eliminar a voluntariedade para superar o establecido. É necesaria unha regulación clara, obxectiva e garantista da impartición de materias afíns.

Apartado terceiro

Punto 1

- Solicitamos que se inclúan neste punto aos equipos directivos dos CPI´s.
- Na redución horaria dos membros do equipo directivo, solicitamos que se aclare que aqueles centros nos que ademais de ESO e Bacharelato se imparta algún ciclo de FP estarán clasificado polo menos na tipoloxía C, como así se acordou no Consello da Xunta o 12 de setembro de 2002.

- A asignación horaria para os membros dun equipo directivo non debe estar supeditada á dispoñibilidade de profesorado.

Punto 2

- A redución horaria para xefaturas de departamento debe ser dentro da parte lectiva. Propoñemos 1 hora para departamentos unipersoais, dúas para departamentos de menos de quince membros e 3 para departamentos de 15 ou máis membros como mínimo.

Punto 3

- Solicitamos que as asignacións horarias vinculadas ao desempeño de funcións de coordinación sexan de aplicación tamén nos CPI´s
- Consideramos que hai excesiva responsabilidade nas direccións dos centros para determinar as sesións complementarias fixas que se asignan a cada cargo, e estase a abrir a porta a unha desigualdade de condicións laborais entre docentes de distintos centros. Deben establecerse criterios obxectivos e unificados para evitar que o reparto de tarefas dependa exclusivamente da vontade dun equipo directivo ou da dispoñibilidade de persoal nos centros.
- Tal e como está a situación sociolingüística actual, sobre todo na franxa de idade escolar, solicitamos que se reforce a coordinación do equipo de normalización lingüística. É impresentable que se pase de tres sesións lectivas a unha.
- O mesmo ocorre coas coordinacións de FCT, que pasan de ser todas lectivas a só unha.
- Consideramos tamén insuficiente unha hora lectiva para as figuras de coordinación ou responsable de biblioteca ou coordinación TIC.
- Solicitamos asignación de dúas sesións complementarias fixas ao profesorado representante do consello escolar.

- Falta asignación horaria para a coordinación de igualdade

- Falta asignación horaria para a coordinación de FPP.

- Solicitamos asignación horaria para coordinacións de plans como o Plan Dixital e o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudábeis.

- Sería preciso aclarar que ocorre cando unha persoa acumula varios cargos, entendemos que ten que acumularse a asignación horaria por cada cargo.

Punto 4

- Solicitamos máis asignación de sesións de titorías sen alumnado dentro da parte lectiva do horario para as titorías dos ciclos básicos, medios e superiores, tal e como recollía o artigo 84 da Orde do 1 de agosto de 1997 que foi derogado.

Solicitamos información sobre se vai haber modificación ou cambios nas normativas que regulan os CIFP, conservatorios, escolas de arte ou escolas de idiomas. En todo caso, é necesaria a actualización e revisións destas normativas.

Conclusións

Unha vez máis perdemos a oportunidade de recuperar os dereitos que nos roubaron e de non avanzar en melloras reais na distribución da xornada laboral do profesorado. Non se recuperan as 21 horas en primaria nin as 18 en secundaria. En moitas coordinacións e nas xefaturas de departamento mesmo se empeora ao respecto da situación actual.

En calquera caso, calquera mellora ten que ir acompañada de aumento de profesorado, para que sexa real e efectiva, e que non ocorra o que supuxo a redución horaria no corpo de mestras que trouxo unha merma da calidade da atención educativa sobre todo do alumnado máis vulnerábel.

Esiximos uns criterios claros para o establecemento dos cupos dos centros de secundaria, bacharelato e FP, que teñen que contemplar cando menos:

- Número de sesións de cada materia ou módulo, como mínimo coa oferta que ten o centro este curso, tendo en conta as optativas e os grupos necesarios.
- Non superar en ningún caso as 18 sesións lectivas por docente
- Ter en conta as asignacións de sesións lectivas do equipo directivo, das titorías e das coordinacións.
- Garantir profesorado de garda suficiente.

Que falta neste documento?

Faltan as demandas que toda a comunidade educativa leva reclamando nos últimos anos, e con máis intensidade este curso, e que levaron á convocatoria de seis xornadas de folga, as máis numerosas de momento de todo o Estado:

- Baixada de ratios no primeiro curso de todas as etapas a partir de setembro deste ano e non agardar a que estas se vaian acomodando á demografía.
- Sobre os anuncios relativos á maior dotación de persoal para atender á diversidade, de novo antes na prensa que na Mesa de negociación, queremos concreción sobre o número de especialistas e de persoal orientador que se incorporaría ao ensino público e garantía de estabilidade coa convocatoria destas prazas no CXT.
- Sobre o anuncio de que se prevén actualizar os catálogos dos centros de infantil e primaria do ano 2007 para setembro do curso que vén entendemos que isto é totalmente imposible polas datas nas que estamos. A Consellaría ten que iniciar xa as negociacións nesta Mesa Sectorial.

- Plan real de redución da burocracia. Seguimos sen medidas concretas que eliminen trámites á marxe de anuncios propagandísticos e investimentos millonarios en plataformas informáticas.
- Redución do horario lectivo para maiores de 55 anos contemplada na LOE e aplicada xa en moitas comunidades.
- Novo acordo retributivo cun incremento do complemento autonómico para todo o profesorado.
- Recuperación do cobro do pagamento do verán para o persoal substituto que traballe cando menos 5 meses e medio.
- Fin da discriminación salarial do profesorado especialista de sectores singulares da FP.

Quen non quere negociar?

O presidente Rueda acusa á CIG de non querer negociar cando o sindicato leva pedindo negociacións desde comezos de curso e todas as mobilizacións convocadas durante estes meses se fixeron con este obxectivo. Finalmente convócansenos á Mesa Sectorial na que presentamos moitísimas propostas que nos achega o profesorado que nos transmite a súa decepción e malestar polo contido deste documento e o texto sae como entrou. Está claro quen ten vontade negociadora e quen despreza ao profesorado, que é o que mantén día a día o funcionamento do ensino público cada vez máis precarizado.

A CIG-Ensino solicita, unha vez presentadas todas estas achegas, tanto na mesa como por escrito, unha nova Mesa Sectorial para continuar unha negociación real na que se escoiten as demandas do colectivo docente, se concreten actuacións e a dotación orzamentaria para levalas a cabo e se cheguen a acordos dignos de tal nome.